

Algoritmo asistencial de saúde bucodental en atención primaria

López Rábade, X.C.

Centro de Atención Primaria de Ribadeo. Lugo

CAD. ATEN. PRIMARIA 2004; 11: 215-219

RESUMO

A pesar das transferencias en materia de sanidade a Galicia, foi o real decreto 63 de 1995 a primeira norma que desenvolve prestacións sanitarias en saúde bucodental no sistema sanitario público.

En base a estas definiremos as distintas actividades que nesta área de saúde se realizan en Atención Primaria. Ademais as relacionaremos entre si, dentro deste nivel asistencial, así como veremos as vías de entrada a estas prestación e as vinculacións con outros niveis asistenciais (especializada e hospitalarias).

Todo elo o faremos a través dun algoritmo xeral, particularizando en adultos, escolares e embarazadas, poboacións diana do devandito RD 63/95.

INTRODUCCION

O artigo 33 do Estatuto de Autonomía establece que lle corresponden á Galicia o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación básica do Estado en materia de sanidade interior. En base a esto créase en 1989 o Servicio Galego de Saúde (SERGAS)¹ como un organismo autónomo de carácter administrativo, dependente da Consellería de Sanidade. Entre as súas funcións está a de desenvolver todas as áreas que configuran o concepto integral de saúde, xestionando a sanidade en todas as súas facetas: información e educación sanitaria, promoción da saúde, prevención da enfermidade, asistencia sanitaria, etc...

As competencias de Galicia en materia de Sanidade permítenlle a ordenación da atención primaria de saúde no seu territorio. En 1993 deséñase un decreto² que fixa as funcións e actividades principais en Atención Primaria. No seu artigo 3º, onde se fala dos servicios de atención primaria, establece no apartado 3 que cada servico contará co apoio de diversos recursos sanitarios, citando en primeiro lugar o de Saúde bucodental. Fixa, entre outras, as seguintes funcións: Diagnóstico de saúde, planificación e execución dos programas de saúde, autoavaliación das actividades realizadas e fixación dos obxectivos anuais.

Por último o Boletín Oficial do Estado publica un Real Decreto sobre a Ordenación de prestacións sanitarias do Sistema Nacional da Saúde³ (R.D. 63 do 95), que afecta a todos os Servicios de Saúde das Comunidades Autónomas. No anexo I, no que se refire a Atención Primaria, establece no punto 5º que a atención primaria a saúde bucodental comprenderá:

- a) A información e educación en materia de hixiene e saúde bucodental.
- b) As medidas preventivas e asistenciais: aplicación de fluor tópico, obturacións, selados de fisuras ou outras, para a poboación infantil, de acordo co financiamento e os programas especiais para a saúde bucodental de cada ano.
- c) Tratamento dos procesos agudos odontolóxicos, incluída a extracción de pezas dentarias.

d) A exploración preventiva da cavidade oral a mulleres embarazadas

Como se observa, por primeira vez, inclúense prestacións en Odontoloxía restauradora ó establecer dentro do Sistema Nacional da Saúde a posibilidade de realizar restauracións nos servicios públicos.

Despois de analizar os datos demográficos de Galicia, definiremos as actividades que en materia de saúde bucodental se poden realizar en Atención Primaria. Con estas desenvolveremos un **Algoritmo de actividades de saúde bucodental** en atención primaria, que estructuramos do seguinte xeito:

- I) Estableceremos un marco xeral especificando as distintas vías de entrada que existen neste nivel asistencial para acceder ós servicios odontolóxicos, describindo os distintos itinerarios que se poden seguir, os camiños que poden conducir á alta médica, así como as vías de acceso á atención especializada e hospitalaria .
- II) Aplicaremos este algoritmo xeral a diferentes poboacións: adultos, poboación infantil e embarazadas

ACTIVIDADES EN ATENCIÓN PRIMARIA

No traballo diario dunha Unidade de Odontoloxía en Atención Primaria de saúde cómpre definir as seguintes actividades, enmarcadas dentro do Real Decreto de 1995³:


- **Revisión escolar.** Referímonos á exploración bucodental dos escolares realizada no seu propio centro educativo polá Unidade de Odontoloxía.

- **Consulta a demanda**⁴. Definimos a aquela consulta que ten lugar por iniciativa exclusiva do paciente
- **Consulta urgente**⁵. Son as realizadas sobre aqueles pacientes que acoden ó centro sen ter solicitado previamente data e hora de consulta, por mor dun proceso agudo.
- **Consulta programada**⁶. Distinguimos dúas acepcións: unha que a define como a consulta que se realiza dentro das actividades dun programa de saúde, e outra, nun senso máis amplo, é a consulta que se leva a cabo por acordo previo entre o odontólogo e o paciente. Utilizaremos as dúas, indistintamente
- **Cita previa**⁵. Entendemos a aquela cita solicitada espontaneamente polo paciente para acudir á consulta do Odontólogo con data e hora previamente concertada
- **Tratamento farmacolóxico**⁷. Relativo ó tratamento con medicamentos
- **Acto cirúrxico**⁷. Pertencente a un tratamento ou método diagnóstico que emprega medios manuais ou operatorios. Referímonos a dous: **Exodoncia**, ou acto cirúrxico que se realiza para a extracción de pezas dentais, e **Biopsia**, ou acto cirúrxico que consiste na extirpación e exame, normalmente ó microscopio, de tecidos do corpo vivo para establecer un diagnóstico axeitado
- **Probas diagnósticas**⁸. Son aquelas solicitadas polo Odontólogo de Atención Primaria e que, aínda sendo realizadas fóra da consulta, non supoñen transferencia na responsabilidade clínica sobre o paciente.

ALGORITMO ASISTENCIAL EN ATENCIÓN PRIMARIA

TÁBOA 1

Algoritmo de actividades de saúde bucodental en atención primaria




Consulta programada

ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DA SAUDE	{ Instrución de Hixiene oral Control da Dieta Suplementos de fluor Seladores de fosas e fisuras Profilaxis/ Tartrectomía
ACTIVIDADES DE DIAGNÓSTICO E TRATAMENTO	{ Tratamento farmacolóxico Restauracións Acto cirúrxico Control lesións premalignas
ACTIVIDADES DE REHABILITACIÓN	{ Mantemento dos tratados de cancro Tratamento protésico
ALTA	{ Médica odontolóxica Laboral (Médico xeral)

TÁBOA 2

Algoritmo de actividades de adultos




Consulta programada

ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DA SAUDE	{ Instrución de Hixiene oral Control da Dieta Suplementos de fluor Seladores de fosas e fisuras Profilaxis/ Tartrectomía
ACTIVIDADES DE DIAGNÓSTICO E TRATAMENTO	{ Tratamento farmacolóxico Restauracións Acto cirúrxico Control lesións premalignas
ACTIVIDADES DE REHABILITACIÓN	{ Mantemento dos tratados de cancro Tratamento protésico
ALTA	{ Médica odontolóxica Laboral (Médico xeral)

TÁBOA 3

Algoritmo de actividades en idades infantís




Consulta programada

ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DA SAUDE	{ Instrución de Hixiene oral Control da Dieta Suplementos de fluor Seladores de fosas e fisuras Profilaxis/ Tartrectomia
ACTIVIDADES DE DIAGNÓSTICO E TRATAMENTO	{ Tratamento farmacolóxico Restauracións Acto cirúrxico
ACTIVIDADES DE REHABILITACIÓN	{ Tratamento protésico
ALTA	{ Médica odontolóxica

TÁBOA 4

Algoritmo de actividade en embarazadas



Consulta programada

ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DA SAUDE

{ Instrución de Hixiene oral
Control da Dieta
Suplementos de fluor
Seladores de fosas e fisuras
Profilaxis/ Tartrectomía

ACTIVIDADES DE DIAGNÓSTICO E TRATAMENTO

{ Tratamento farmacolóxico
Restauracións
Acto cirúrxico

ALTA

{ Médica odontolóxica
Laboral (Médico xeral)

BIBLIOGRAFÍA

- 1- DOG nº 7 – 11 xaneiro de 1989. Páx. 127-132.
- 2- DOG nº 167 – 31 agosto de 1993. Páx. 6015-6020.
- 3- BOE nº 35 – 10 de febreiro de 1995. Páx. 439-440.
- 4- Bellón Saameño J A. La consulta del médico de familia: cómo organizar el trabajo (I). La consulta a demanda. En: Gallo Vallejo et al. Manual del Residente de Medicina Familiar y Comunitaria. I.M. & C. Beechan. Madrid 1993;276.
- 5- Martín Zurro A, Huguet Recasens M, García Cardona F. Organización de las actividades en Atención Primaria. En: Martín Zurro A, Cano Pérez JF. Atención Primaria. Hartcourt Brace de España S.A. 1991:44.
- 6- Bellón Saameño J A. La consulta del médico de familia: cómo organizar el trabajo (2). Consulta programada y otras actividades. En: Gallo Vallejo et al. Manual del Residente de Medicina Familiar y Comunitaria. I.M. & C. Beechan. Madrid 1993; 287.
- 7- Diccionario Enciclopédico Ilustrado de Medicina. McGraw-Hill Interamericana de España 27ª edición Madrid 1992.
- 8- Córdoba García R, Hernández Moreno AC. Pruebas diagnósticas en Atención Primaria. En: Martín Zurro A, Cano Pérez JF. Atención Primaria. Hartcourt Brace de España S.A. 1991:311.